



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO- NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, notifícase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2026, segundo ó seguinte detalle:

- Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz do Castrodouro, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela (excepto urbana), Carballo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradel, O Páramo, Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, A Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñán, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

No Concello de Burela o Padrón do IBI de natureza urbana, e no Concello de Foz o Padrón do IBI de natureza urbana, rústica e características especiais, deste exercicio do 2026 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 13 de maio do 2026 (publicados no BOP núm. 123 do 1 de xuño de 2026).

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz do Castrodouro, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradel, O Páramo, Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, A Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñán, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (**Ronda da Muralla, 140, Pavillón 1 - 27004 - Lugo**) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 27 de agosto de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 24-08-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos, exercicio de 2026, que se relacionan, empezará a contar o día 15/09/2026 e finalizará o día 16/11/2026, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

- Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Orol, Palas de Rei, Pantón, Paradelá, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Orol, Palas de Rei, Pantón, Paradelá, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA), Banco Sabadell S.A., Caixa Rural Galega S.C.L.G e Banco Santander S.A en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 27 de agosto de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 24-08-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 2365

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (na modalidade de suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas nas memorias de Alcaldía incorporadas ó expediente 9/2026, financiadas con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2026, segundo acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria do 05 de agosto do 2026, polo importe total de 28.990,52 euros, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Capítulo I. Gastos de persoal	1.045.853,36 euros
Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos	414.869,55 euros
Capítulo III. Gastos financeiros	4.400,00 euros
Capítulo IV. Transferencias correntes	203.606,22 euros
Capítulo VI. Inversións reais	530.739,96 euros
TOTAL	2.199.469,09 euros

Contra o devandito acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no artigo 171 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso

contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 8 de setembro de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2426

BARALLA

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 30 de xullo de 2026 aprobose definitivamente modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, deportivos e de lecer, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER

Artigo 1.º- Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 41 a 47,e 127, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais e de lecer que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º- Feito imponible.

Constitúe o feito público imponible deste prezo público a prestación dos servizos culturais, deportivos e de lecer, de competencia municipal, a instancia de parte:

- A participación en cursos, clases e/ou actividades culturais e deportivas ou de lecer.
- A asistencia a viaxes á praia.
- Servizos sanitarios en xeral.

Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servizos cando estes fosen demandados pola poboación no seu beneficio, entendendo por tales, servizos, actividades, cursos, excursións e outros análogos.

Artigo 3.º- Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza fiscal as persoas que participen e se beneficien dos servizos enumerados no artigo 2 .

Artigo 4.º- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase en función da actividade que se ofrece.

Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

Servizos, actividades, cursos ou excursións	Prezo
Actividades físico-deportivas	10 €/ mes
Servizos sanitarios en xeral	5 €/ mes
Excursións ás praias	6 €/ mes

Artigo 5.º- Exencións.

Están exentos de aboar as cotas desta ordenanza os parados/as de longa duración (máis de 6 meses).

Artigo 6º.- Devengo.

A obriga do pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 7.º- Xestión do cobro.

O importe do prezo público esixirase trimestralmente, de conformidade coa contía que se sinala no art. 4, mediante cargo na conta bancaria indicada na solicitude de inscrición.

Unha vez formalizada matrícula ou inscrición non procederá a devolución do prezo ingresado, salvo que o matriculado ou inscrito, por causa xustificada, non poida realizar o curso ou actividade de que se trata.

A matrícula ou inscrición formalizarase nos documentos normalizados habilitados para ese efecto, mediante a solicitude presentada ante este Concello segundo o previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de servizos sanitarios en xeral, á solicitude de participación deberá acompañarse o xustificante bancario do pagamento do servizo.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres no se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Baralla, 2 de agosto de 2026.- O alcalde, don Miguel González Piñeiro.

R. 2427

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito (Lugo), polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de crédito nº 202607, do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito financiado con anulación ou baixas de créditos doutras aplicación orzamentarias.

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo) en sesión celebrada o 6 de agosto 2026, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
162	22799	Recollida, xestión e tratamento de residuos. Outros traballos realizados por outras empresas	87.495,32	31.627,42€	119.122,74
453	22799	Carreteras. Outros traballos realizados por outras empresas	1.000,00	20.255,60€	21.255,60
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	67.795,30	22.063,98€	89.859,28
161	60900	Abastecemento domiciliario de auga potable. Outras inversións	80.000,00	6.352,50€	86.352,50
453	61900	Carreteras. Inversións de reposición	616.689,82	24.054,36€	640.744,18
342	60900	Instalacións deportivas. Outras inversións	92.209,62	998,01€	93.207,63
		TOTAL	945.190,06	105.351,87 €	1.050.541,93

I.II. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica					
920	12004	Administración Xeral. Soldos do grupo c2	20.548,92	20.548,92	17.279,49	3.269,43
920	12100	Administración Xeral. Complemento de destino	54.978,02	54.978,02	11.397,74	43.580,28
920	12101	Administración Xeral. Complemento específico	81.651,36	81.651,36	10.011,45	71.639,91

920	16000	Administración Xeral. Seguridade social	80.862,45	79.862,45	13.252,28	66.610,17
920	12006	Administración Xeral. Trienios	16.037,84	16.037,84	3.063,44	12.974,40
932	12004	Xestión do sistema tributario. Soldos do grupo c2	10.073,72	10.073,72	10.073,72	0,00
932	12000	Xestión do sistema tributario. Soldos do grupo A1	35.998,77	35.998,77	10.000,00	25.998,77
932	12100	Xestión do sistema tributario. Complemento de destino	39.242,01	39.242,01	9.800,00	29.442,01
932	12101	Xestión do sistema tributario. Complemento específico	66.876,92	66.876,92	19.300,00	47.576,92
932	12006	Xestión do sistema tributario. Trienios	9.468,04	9.468,04	1.173,75	8.294,29
		TOTAL	415.738,05	414.738,05	105.351,87	309.386,18

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 17 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesado poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 de Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición..

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnando.

Cospeito, 9 de setembro de 2026.- O alcalde, don Armando Castosa Alvareño.

R. 2428

FOZ
Anuncio

Expediente núm.: 2276/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 17 de decembro de 2024, para a provisión mediante concurso-oposición de unha praza de Auxiliar administrativo/a, para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 6025.

Transcorrido o prazo de dez días hábiles concedido na resolución provisional para que os/as aspirantes excluídos/as puidesen emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou presentar as alegacións oportunas, e vistas as solicitudes de emenda presentadas. De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Estimar as solicitudes de emenda presentadas polos/as aspirantes que achegaron a documentación requirida en prazo e forma, e desestimar aquelas que non foron emendadas ou cuxo motivo de exclusión non era subsanable.

SEGUNDO.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de concurso-oposición de unha praza de Auxiliar administrativo/a, para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT co seguinte alcance:

ADMITIDOS	PROBA DE GALEGO
ALVARO ALVAREZ ALONSO	EXENTO
ANA MARIA BRIONES MONTES	EXENTA
ANA MARIA MARTINEZ NEIRA	EXENTA
ANA NODAL LOPEZ	EXENTA

ANA PERNAS VAL	EXENTA
CARLA GONZALEZ CUESTA	EXENTA
BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ	EXENTA
CARMEN AMALIA GAVIN RODRIGUEZ	EXENTA
ELSA FERNANDEZ PREGIGUEIRO	EXENTA
EVA MARIA CALVO TORQUEMADA	EXENTA
HUGO GARCIA NIÑEZ	EXENTO
IVANA MORILLO CASTRO	EXENTA
JENIFER AGÜEIRA CASARIEGO	EXENTA
LAURA MASEDA CABALEIRO	EXENTA
LAURA VILA RIVAS	EXENTA
LORENA BURUNDARENA MASEDA	EXENTA
LUCIA PRADO GONZALEZ	EXENTA
MARTA PERNAS QUIROGA	EXENTA
MARIA ADELAIDA VILAR VARELA	EXENTA
MARIA BEGOÑA ALVAREZ VERDEAL	EXENTA
MARIA JOSE MARTINEZ FACHAL	EXENTA
MIGUEL ANGEL JANEIRO TAPIA	EXENTO
NANCY ANDION PENA	EXENTA
ROMINA RODRIGUEZ VILLAR	EXENTA
SARAY BLANCO CANOURA	EXENTA
SONIA FERNANDEZ ALVAREZ	NON EXENTA
VERONICA SERANTES BELLO	EXENTA

EXCLUIDOS	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSION
ALFONSO ÁLVAREZ SIXTO	-----	Non presentar o xustificante de pago de taxas (Base 5.d)
DOLORES LABRADA LABRADA	-----	Aboamento incompleto ou incorrecto da taxa (Base 5.d)
LARISSA MAGALI CANTERO BENÍTEZ	NON EXENTA	Non emendar a falta de copia cotexada ou auténtica en prazo

TERCEIRO.- Nomear os/as membros/as do Tribunal Cualificador encargado de xulgar o proceso selectivo, conforme aos principios de especialidade e imparcialidade:

Presidenta: Pilar López Pérez, Técnico de Cultura do Concello de Foz

Suplente: Cándido Nazario Rodríguez Gil, Xefe de Recadación do Concello de Foz.

Vogal: Hugo García Presno, Director da Escola de Música de Ribadeo.

Suplente: Carmen Seco Alejos, Educadora Social do Concello de Foz.

Vogal: María Fé Rouco Caserío. Técnico de Turismo do Concello de Foz.

Suplente: Mónica Irimia Labrada, Auxiliar Servizos Múltiples do Concello de Foz.

Vogal: Maria Carmen López Cuadrado, Auxiliar Administrativo do Concello de Foz.

Suplente: Pilar Bouso Leiras, Auxiliar Administrativo do Concello de Foz.

Secretaria: Ana María Pérez Moreda, Auxiliar Administrativo do Concello de Foz.

Suplente: Cristina Balseiro Fernández, ADL, Técnico de Xestión do C Concello de Foz.

CUARTO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día xoves, 24 de setembro de 2026 ás 09:30 horas na Nave de Formación do Concello de Foz, no Polígono Industrial de Fazouro, (43.584953, -7.290969) Parque Empresarial de Foz, (Fazouro) - 27789 - Foz (Lugo) para a súa constitución.

QUINTO.-Convocar aos aspirantes admitidos o día xoves, 24 de setembro de 2026 ás 10:00 horas na Nave de Formación do Concello de Foz, no Polígono Industrial de Fazouro, (43.584953, -7.290969) Parque Empresarial de Foz, (Fazouro) - 27789 - Foz (Lugo) para o desenvolvemento do primeiro exercicio, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

SEXTO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta a lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

Mándao e asínao en

Foz, 8 de setembro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. Ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2429

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baixa de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por caducidad

Con fecha 17 de agosto de 2026 se inicia expediente de baja en el Padrón de habitantes por caducidad, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad de la persona que se relaciona a continuación:

D. AYMAN ABOUHRAIT, con documento n.º: ***4553**

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 8 de septiembre de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 2430

LUGO

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente en relación a publicación da relación de aprobados do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2023).

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023). O dito acordo foi modificado polo acordo 16/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024.

- Visto o Decreto Nº: 2630/2024 do 21/03/2024 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, 10 EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023).

O dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 086, de 13 de abril de 2024. Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 99, de 23 de maio de 2024.

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- Visto o Anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de decembro de 2025 adoptou o Acordo 1/502, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025 adoptou o acordo 3/457 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUENDA LIBRE (OEP 2021, 2022 e 2023).

- Visto o Decreto Nº: 615/2026 do 27/01/2026 polo que se resolveu:

“PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes ás ofertas de emprego público dos anos 2021 e 2022.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado mediante o Decreto número 2630/2024 do día 21 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 (4 prazas de auxiliar administrativo en turno libre e 1 reservada a persoas con discapacidade)”

- Visto o Anuncio asinado polos membros do Tribunal cualificador de data 9 de xullo de 2026, no cal se fai contar que o tribunal cualificador acorda:

“Primeiro.- Propoñer o acceso en propiedade a catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2023), os seguintes aspirantes que superaron o referido proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ABUIN FERNANDEZ, PAULA	***3007**	28,25
2	DE VEGA FLORES, AURORA	***8325**	28,00
3	ABRAIRA VEIGA, YANIRA	***5591**	27,50
4	SANCHEZ SANCHEZ, MARTA	***4631**	27,00

Segundo.- Elevar a citada proposta de nomeamento á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo como autoridade convocante.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante.”

- Vista a certificación asinada polo Secretario do Tribunal cualificador o 25 de agosto de 2026 relativa á lista definitiva dos aspirantes que superaron o referido proceso selectivo por orde da puntuación acadada, na cal se fai constar:

AUXILIAR ADMINISTRATIVO			
LISTA PROPOSTA			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ABUIN FERNANDEZ, PAULA	***3007**	28,25
2	DE VEGA FLORES, AURORA	***8325**	28,00
3	ABRAIRA VEIGA, YANIRA	***5591**	27,50
4	SANCHEZ SANCHEZ, MARTA	***4631**	27,00

(...)

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que confire o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en virtude do decreto da Alcaldía número 4003/2026 do 12/05/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación das aspirantes aprobadas no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base vixésima das "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023:

4 prazas de Auxiliar Administrativo/a:

APELIDOS E NOME	DNI
ABUIN FERNANDEZ, PAULA	***3007**
DE VEGA FLORES, AURORA	***8325**
ABRAIRA VEIGA, YANIRA	***5591**
SANCHEZ SANCHEZ, MARTA	***4631**

SEGUNDO.- As opositoras aprobadas, de conformidade coa base vixésimo primeira das Bases Xerais referidas, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), no prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a relación de aprobadas/os no BOP de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria.

- a) Declaración xurada de non estar separada ou separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso ou incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función, excepto para as prazas reservadas a persoas con discapacidade, nas que haberá que estar ao disposto na base sétima.
- c) Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.
- d) Dúas fotografías tamaño carné.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

As aspirantes propostas que tivesen xa a condición de empregado público do Excmo. Concello de Lugo estarán exentas de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais no caso de acceder a prazas cuxas funcións e actividades impliquen contacto habitual con menores.

Ademais da documentación xeral, no caso de funcionarias/os de estados membros da Unión Europea, deberán presentar a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993.

As aspirantes aprobadas que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeadas, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Cúmprase.

Lugo, 28 de agosto de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 2431

Anuncio

DECRETO

Excm. Sra. dona María Elena Candia López, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a proposta efectuada polo xefe do Servizo de Persoal, en cuxa parte expositiva se fai constar o seguinte:

ASUNTO: Declaración de tramitación de urxencia dos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público do ano 2023.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023

Segundo. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP), pero conservando *todos os actos administrativos ditados* en relación coas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023.

Segundo. Entre as prazas incluídas na citada planificación plurianual atópanse en trámite os seguintes procesos selectivos:

- 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023). DECLARADA CONTINUIDADE RESPECTO DE 4 PRAZAS DA OPE 2023 2024/G004/000087

- CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS. 2026/G001/007247

- 1 praza de oficial lector contador (2024/G004/000063). declarada continuidade
- 1 praza de técnico de educación infantil (2024/G004/000086) (2026/G001/005572)
- 1 praza de técnico medio (2024/G004/000221) (2026/G001/005574)
- 3 prazas celadores CEIP (2024/G004/000190) (2026/G001/005576)
- 2 prazas ordenanzas (2024/G004/000191)
- 1 praza oficial fontaneiro (P.I) (2024/G004/000121)
- 1 praza oficial maquinista fontaneiro (P.I) (2024/G004/000120)
- 1 praza monitor educación viaria (PI) (2024/G004/000262)
- 2 prazas animador sociocultural (2024/G004/000141)
- 1 praza oficial cociñeiro (2024/G004/000114)
- 1 praza oficial Vixiante Recadador (2024/G004/000160)
- 1 praza operario de cemiterio (2024/G004/000129)

- 1 praza psicólogo (2024/G004/000173)
- 1 praza técnico A1 (2024/G004/000209)
- 2 prazas traballadoras sociais (2024/G004/000130)
- 1 praza arquitecto técnico (2024/G004/000255)

Terceiro. O artigo 70.1 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado Público (TREBEP), aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e no mesmo sentido o artigo 48.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, imponen de xeito taxativo a obriga de executar a oferta de emprego público no prazo improrrogable de tres anos. En consecuencia, os procesos selectivos da OEP 2023 atópanse próximos á súa data límite de caducidade.

Cuarto. Na actualidade, o volume de xestión administrativa acumulado no Servizo de Persoal, sumado á necesidade de garantir a cobertura definitiva das prazas vacantes para asegurar a correcta prestación dos servizos públicos municipais, xera un escenario de acumulación de tarefas e prazos perentorios que aconsella axilizar a tramitación ordinaria dos expedientes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Competencia.

A competencia para ditar esta resolución correspóndelle á alcaldesa-presidenta de conformidade co previsto no artigo 124.4.h) da LRBRL, que lle atribúe a xefatura superior de todo o persoal. Así mesmo, cómpre sinalar que de acordo co Decreto de organización número 4003/2026, do 12 de maio, a propia alcaldesa reservou para si a xestión directa da Área de Persoal e Recursos Humanos, ostentando a competencia plena e ordinaria nesta materia.

Segundo. Habilitación legal da urxencia.

O artigo 33.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou por instancia de parte, a tramitación de urxencia do procedemento, caso no que se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Terceiro. Xustificación do interese público.

Concorren razóns de evidente interese público baseadas nos principios de eficacia, eficiencia e celeridade administrativa (artigo 103 da Constitución Española). A proximidade do prazo de caducidade da OEP de 2023 fundamenta de xeito obxectivo a necesidade de reducir os tempos de resolución para evitar a perda dos recursos públicos empregados e garantir a estabilidade do persoal municipal.

Con base no informe do Servizo de Persoal e en virtude do disposto no artigo 124.4.b) e ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03/04/1985) e segundo o disposto no Decreto 4003/2026 do 12 de maio de organización municipal,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar a tramitación de urxencia dos procesos selectivos correspondentes á oferta de Emprego público do ano 2023 do Concello de Lugo por razóns de interese público e risco de caducidade, incluíndo expresamente os procesos selectivos que de seguido se sinalan:

- 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023). DECLARADA CONTINUIDADE RESPECTO DE 4 PRAZAS DA OPE 2023 2024/G004/000087
- CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS. 2026/G001/007247
- 1 praza de oficial lector contador (2024/G004/000063). declarada continuidade
- 1 praza de técnico de educación infantil (2024/G004/000086) (2026/G001/005572)
- 1 praza de técnico medio (2024/G004/000221) (2026/G001/005574)
- 3 prazas celadores CEIP (2024/G004/000190) (2026/G001/005576)
- 2 prazas ordenanzas (2024/G004/000191)
- 1 praza oficial fontaneiro (P.I) (2024/G004/000121)
- 1 praza oficial maquinista fontaneiro (P.I) (2024/G004/000120)
- 1 praza monitor educación viaria (PI) (2024/G004/000262)
- 2 prazas animador sociocultural (2024/G004/000141)
- 1 praza oficial cociñeiro (2024/G004/000114)

- 1 praza oficial Vixiante Recadador (2024/G004/000160)
- 1 praza operario de cemiterio (2024/G004/000129)
- 1 praza psicólogo (2024/G004/000173)
- 1 praza técnico A1 (2024/G004/000209)
- 2 prazas traballadoras sociais (2024/G004/000130)
- 1 praza arquitecto técnico (2024/G004/000255)

Segundo. Dispoñer a redución á metade os prazos establecidos na tramitación ordinaria dos citados procesos selectivos, coa excepción expresa dos prazos relativos á presentación de solicitudes de participación e á interposición de recursos administrativos ou xudiciais.

Terceiro. Notificar a presente resolución aos departamentos xestores correspondentes e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica municipal do Concello para o xeral coñecemento das persoas interesadas.

RECURSOS:

De acordo co artigo 33.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia a un procedemento non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que a oposición ao mesmo poida alegarse polas persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Cúmprase.

Lugo, 10 de setembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. María Elena Candia López.

R. 2436

MONDOÑEDO

Anuncio

Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Mondoñedo, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 07 de setembro de 2026, en relación ao expediente de modificación da denominación da seguinte vía pública:

DENOMINACIÓN ACTUAL	DENOMINACIÓN PROPOSTA
Rúa da Fonte	Rúa Xosé Vizoso

En cumprimento do artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a abrir período de información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio, durante o cal o expediente estará dispoñible para a súa consulta polos seguintes medios: oficinas físicas do Concello con dirección na praza do Concello, 1 - 27740 e na sede electrónica deste Concello <https://mondonedo.sedelectronica.gal>. Aquelas persoas que puidesen terse como persoas interesadas poderán comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Mondoñedo, 9 de setembro de 2026.- O alcalde – presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 2437

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 09/09/2026 aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso (exp 1842/2026).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de sete días (07) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 9 de setembro de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2432

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 09/09/2026 aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso (exp 1846/2026).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de sete días (07) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 9 de setembro de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2433

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 09/09/2026 aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso (exp 1847/2026).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de sete días (07) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 9 de setembro de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2434

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 03.09.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **AGOSTO/2026**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 3 setembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 2435
